TACHÁÁÁÁNNNNNNNNN

Outro verán "again" (eguein) agardando por nós á porta do cole, e unha Biblioteca que merece unhas vacacións, despois do "guapa" que se nos puxo este ano. Pero non queremos que perdades no verán ese vicio de ler. De deberes levades... a Hora de Ler. Así que o rato gordecho e máis eu andivemos por feiras do libro (achegámonos á de Ferrol, á de Santiago de Compostela) e puxémonos en contacto coa nosa amiga , esa gata dos Madriles que nunca se perde a Feira do Libro no Parque do Retiro. Visitamos librerías e preguntamos a xente que sabe disto un montón e... aquí tedes unhas recomendacións para pedichonear na casa por traballar tanto, tantíííísimo (vale, algún/ha algo menos) este curso:

EDUCACIÓN INFANTIL:



- **Carlota e o Príncipe azul- A.Pillado- A Nosa Terra**: Agarda por un príncipe azul enriba do tobogán. Un pouco aburrido, a verdade, namentras tod@s @s demáis xogan no parque.

E se che gusta esta historia, tamén tes da mesma autora:

- **Roi quere ser mamá**
- **Rosa e azul**.

- **Dez abellas- Marilar Aleixandre- O meu mundo, Xerais**: De unha en unha van desaparecendo as dez abellas que zugan na laranxeira. Que foi delas?. E o tarro de mel, podes velo?

- **Medusiña e familia- M.Uhía- Everest**: Medusiña vive nas rías galegas, pero non nasceu aquí, as correntes mariñas trouxérona de moi lonxe. Queres saber de onde? E como vive Medusiña?



- **Paco Trolas –R. Aliaga- OQO**: Paco Trolas ten a imaxinación chea de gatos, lobos, raposas...É verdade ou mentira o que el di?. Para distinguir entre fantasía e realidade, terás que chegar ao remate do conto.

PRIMARIA

1º CICLO



- **Pinga de choiva-A. Gracián-Merliño, Xerais**: Historia de amor entre unha pinga e o arco da vella. Disfrazado de mar, choiva ou río, o dragón Arco da Vella visita na tardiña á Pinga Roseira.

BIBLIOTECA

- **O sombreiro Chichiriteiro-M. Rivas- Merlín, Xerais**: Simón faise amigo deste máxico sombreiro, e con el visita o corazón do mundo. Serás quen de entender a canción deste sombreiro?

- **Un bico de amor e vida-X.A. Neira- Árbore Musicontos, Galaxia**: É posible o amor de dous seres distintos en mundos distintos? Un amor en igualdade? Conto coa fermosa música de Balboa: "Mares Nocturnos". Sonarache.

- **Los siete osos enanos-E. Bravo- SM**: O pasarás en grande con esta historia en banda deseñada, cunha mestura ben enleada de contos clásicos, deses que tan ben coñeces. E se che gusta, le tamén **Los siete osos enanos pasan hambre,** recomendado polo gato con botas forradas, que-disque- nunca se equivoca.

2º ciclo

- **O día despois do día- Manuel Lourenzo- SM Xerme:**Para poñer a proba a este grupo de amigos tan especial, soño e realidade mestúranse cando o día segue ao día sen que a noite chegue. Aventuras, misterio, seguro que che ha gustar.



- **Nera, a ferreira-I.Barrio- Baía:** Cando o Consello das fadas se reúne para conceder un desexo, nace Nera. Que desexo concederlle?Un conto pola igualdade de oportunidades.

- **Ricardo o escultor- G.Rodari- Baía:**As esculturas de Ricardo cobran vida e marchan percorrer o mundo, de cando en vez regresan a contarlle as súas andainas. Ricardo adora ás súas esculturas.

BIBLIOTECA

- **O misterio da casa do pombal- F.Casalderrey- SM Xerme**: En Vilacova hai un solitario casarío que ninguén recorda se estivo habitado. A xeito de castelo… agocha algunha historia de terror?

3º ciclo



- **O canto dos peixes- M.Calveiro-SM Xerme**: Morto o mar, un vello mariñeiro e un rapaz marxinal deberán descubrir o esconxuro que remate coa maldición. Mestura de realidade, fantasía e simbolismo que te cautivará.



- **Tres mulleres do seu tempo-H. Kühn-Bode- Baía**: A vida de Brigantia,Xoana de Vega e María Casares, artista, intelectual educadora de princesas, actriz, tres mulleres en tres épocas diferentes da nosa historia, fantasía e realidade mesturadas nestas tres divertidas pezas teatrais.

- **¡Va en serio!46 respuestas sensatas a preguntas absurdas-G.Campbell- SM:**A que altura pode brincar un elefante? Excusa con base científica para birlarlle as chuches @s peques? Preguntas alucinantes entre soños? Se queres ter as respostas namentras o resto do personal anda a devanarse os sesos, le este libro, saberás moito máis!

- **O deserto de xeo-M.Carranza- Edebé,Rodeira:** Dous clans de bruxas enfrontadas. Só Anaid, a de cabelo de lume, pode rematar co enfrontamento. Pero, adolescente, está namorada e é vulnerábel, polo que fuxirá coa nai e será na viaxe onde descubrirá o misterio do seu nacemento. A verdade. a veces é aterradora.

Mamases, papases, prof@s, avós, avoas e adult@s en xeral



- **A praia dos afogados-D.Villar-Galaxia:**Un apaixoante novo caso de intriga para o inspector Caldas e o seu axudante aragonés ao aparecer o cadavre dun mariñeiro na paraia de Panxón. Para resolvelo, terá que mergullarse nos segredos das xentes da vila, un caso que o levará dende as Rías Baixas ás tabernas de Vigo. Do mesmo autor, o primeiro caso de Leo Caldas, **Ollos de auga**.

- **Sete casas en Francia-B. Atxaga- Faktoría K:**Sarcasmo e ironía para relatar un dos maiores xenocidios na hª da humanidade no Congo belga. Ao destacamento militar de Tangabi, gobernado polo capitán L.Binan, un militar poeta, chega C.Liége, outro militar un tanto peculiar. O que provoca inesperados cambios na monótona vida do campamento.

A BIBLIOTECA

- **Tres mulleres galegas de armas tomar.María Balteira, María Castaña e María Soliña-G. Domínguez e F. Estévez- Baía**: Moi poucas referentes históricas sobre estas tres marías, loitadoras que a pesar de ser silenciadas pola historia perviven no imaxinario da nosa terra. Do século XIII ao XVII, a vida destas mulleres nun mundo de homes, en Betanzos, Lugo e Cangas, narrada para reinvindicar a súa visibilidade.



- **Ámote vermella-C.Rodríguez Fer- Xerais:**Poesía e ilustracións en homenaxe ás vítimas máis esquecidas do 36, as mulleres libertarias do noso país, tanto as que teñen nome propio (Josefa Barreiro González, Dolores Blanco Montes, Juana Capdevielle, Amada García, María Vázquez Suárez, Mercedes Romero Abella...), como aquelas de nome esquecido (as conserveiras do Morrazo, as matronas republicanas, as descoñecidas que pagaron coa súa vida axudar aos fuxidos...).Poemas contra o exterminio, o esquecemento e o silencio.

E, por suposto, entre praias, merendolas, axudar na casa, festas, visitas, paseos, curmás, curmáns, amiguetes/as non esquezades que a Biblioteca Municipal non colle vacacións e agarda pola vosa visita, que os libros aborrecen estar alí soíños.

Despedímonos ata setembro; e ás nenas e nenos de 6º que marchan ao IES de Fene, cotillearlles que van atopar alí unha Biblio estupendísima, máis grande ca nosa (anque non ten os sillóns lila!!!!), seica alí non hai ratos ... ou iso cren, que non hai biblio no mundo mundial que non teña ... o seu rato de biblioteca!!!!

QUE TEÑADES UNHAS MARABILLOSAS VACACIÓNS LECTORAS E NON MENOS MARABILLOSAS LECTURAS VACACIONAIS!!!!

:3

BOAS LECTURAS

BICOS E RONRONEOS

DO RATO E MICA BIGOTES

A BIBLIOTECA